

## TRATAMIENTO DE LA INFORMACIÓN

### Interpretación de diagramas de árbol

Alberto y Nuria quieren comprarse un helado. Hay 2 tamaños posibles: pequeños y grandes, y 3 sabores diferentes: limón, menta y fresa.



- ¿De qué formas pueden elegir el helado?

Pequeño de limón

Grande de limón

Pequeño de menta

Grande de

Pequeño de

Grande

- ¿De cuántas formas distintas pueden elegirlo? De



#### 1 Observa el dibujo y contesta.

Marta quiere ponerse un pantalón y una camiseta. Fíjate en qué posibilidades tiene para elegirlos.



- ¿Entre cuántas camisetas distintas puede elegir?
- ¿De cuántos colores puede ponerse el pantalón?
- ¿De cuántas maneras distintas puede vestirse Marta?

## Tabla del 6

$$6 \times 0 = 0$$

$$6 \times 1 = 6$$

$$6 \times 2 = 12$$

$$6 \times 3 = 18$$

$$6 \times 4 = 24$$

$$6 \times 5 = 30$$

$$6 \times 6 = 36$$

$$6 \times 7 = 42$$

$$6 \times 8 = 48$$

$$6 \times 9 = 54$$

$$6 \times 10 = 60$$



## Melloro a lectura



▶ **Escoita e arrodea a palabra que se pronunciou mal. Despois, le en voz alta toda a oración pronunciando correctamente os grupos de consoantes.**



Na primavera moitas persoas saen a pasear polas prazas e xardíns.

▶ **Le o texto procurando pronunciar correctamente os grupos pr, br, fr...**



## Libros para a primavera



Na primavera, os parques éñense de xente que le. Din que iso ocorre desde un ano en que a primavera parecía que non daba chegado nunca e un xardineiro estaba desesperado con aquel inverno tan longo. Estaba farto dos arrefriados, das gripes e das anxinas. Xa non aguantaba máis **pímulas**, xaropes e inxeccións! E tamén tiña medo de perder o traballo. Se a primavera non facía florecer os parques e os xardíns, que falta facía un xardineiro?

Un bo día, mentres paseaba polo Parque do Castro, lamentábase entre **espirro** e espirro:

–Ai, mamaíña! O que eu daría por que chegase a primavera...

Unha voz burleira dixo tras del:

–De verdade? E logo que darías?

O xardineiro, sorprendido, deu a volta e **topou** unha moza, tan abrigada que só se lle vían uns ollos brillantes e unha boa **mata de pelo** rizo.

–Non cho sei... –dubidou o home–. Era un xeito de falar. Eu non teño nada de nada!



–Home –riu a moza–, algunha cousa terás!  
 –Roupa, zapatos, mobles... –pensou en voz alta o xardineiro–. E libros. Moitos libros. Encántanme!  
 –Xenial! –alegrouse a moza–. E darías o teu libro preferido para que chegase a primavera?

O home pensou con **mágoa** no libro de contos que lle lía a súa avoa de pequeno, pero dixo:

–Daría! Se soubese a quen, naturalmente.

–Pois á mesma primavera! –dixo a rapaza entre risas.

E nese intre a moza desfíxose coma unha nube de azucre diante do xardineiro e, nun abrir e pechar de ollos, floreceron todas as plantas do parque e enchéronse de follas novas todas as árbores.

–Graciñas –murmurou o xardineiro emocionado, sen saber moi ben con quen falaba.

Daquela, a voz doce da primavera **bisboulle** ao oído:

–Lembra que aínda me debes un libro, xardineiro.

Pero, en lugar de darmos, tes que mo vir ler. Así farasme compañía.

O xardineiro cumpriu a súa palabra e, desde ese momento, moita xente pasa as tardes da primavera lendo no parque, como facía el. Non vaia ser que, sen libros, algún ano a primavera non queira visitarnos!

*Busca as palabras destacadas en O meu primeiro dicionario, ao final do libro.*



### Póñome no lugar dos demais

- ▶ Como te sentirías ti se sempre fose inverno e a primavera non chegase nunca?
- ▶ Que cousa que ti aprecies moito lle ofrecerías á primavera para que chegase?



- De que se alimentan os seguintes animais? Investiga.

	Herbívoro	Omnívoro	Carnívoro
Parrulo			
Oso			
Can			
Cabalo			
Xabarl			
Raposo			
Galiña			
Coello			
Xoaniña			
Porco			
Esquíó			
Lobo			
Cervo			
Paporroibo			
Xílgaro			